

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "ACOUGO" NO PROXECTO HOME DE ATENCIÓN, REHABILITACIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL DE PERSOAS ADICTAS NO EXERCICIO 2024

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e polo establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Ramón Gómez Crespo, director-xerente da Fundación Monte do Gozo, con NIF G15258213, que actúa en nome e representación desta como se acredita na escritura pública outorgada o 1 de febreiro de 2011 ante o notario don Álvaro Moure Goyanes, co número 140 do seu protocolo, na que se eleva a público o acordo do padroado do 10 de xaneiro de 2011 de outorgar poderes xerais no seu favor, inscrito no Rexistro de fundacións de interese galego.

Ambas as dúas partes, no nome e representación co que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española,



ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á inclusión activa e integración sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

CUARTO.- Que a Fundación Monte do Gozo, fundación clasificada como entidade benéfico-asistencial privada en virtude da Orde da Consellería de Traballo e Servizos Sociais do 21 de maio de 1990 (*Diario Oficial de Galicia* número 117, do 18 de xuño), e declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de fundacións, en virtude da Orde da Consellería de Traballo e Servizos Sociais do 22 de maio de 1990 (*Diario Oficial de Galicia* número 119, do 20 de xuño), número 3-1990, readscrita á consellería competente para o exercicio do protectorado en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* número 34, do 19 de febreiro), así como recoñecida e inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-160, desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do Proxecto Home Galicia, distintos programas de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas, que teñen un modelo teórico de intervención común, deseñado como unha consecución de etapas ou fases e determinante para que a persoa usuaria acade a súa rehabilitación e integración sociolaboral, que son:

- Avaliación e diagnose, durante un período de 3-4 días.
- Motivación – Integración, durante un período de 3-5 meses.
- Coñecemento e desenvolvemento persoal, durante un período de 6 meses.
- Reinserción social, durante un período de 8-10 meses.

Cada programa, dependendo do tipo de adicción e do perfil psicosocial da persoa usuaria, ten unhas características estruturais diferenciadas que permiten unha abordaxe integral e individualizada das distintas problemáticas. Isto implica unha intervención globalizada que considera a persoa ligada ao seu contexto social, polo que este itinerario educativo-terapéutico é preciso relacionalo co desenvolvemento e coñecemento da propia identidade.

Ante a diversidade e heteroxeneidade dos factores que determinan a problemática da persoa adicta, resulta conveniente adoptar perspectivas multidisciplinares, implicando e interrelacionando aspectos sociais e individuais, para o que é preciso contar cun equipo de profesionais versátil, que interveña holisticamente para garantir a integralidade das actuacións.



QUINTO.- Que a Fundación Monte do Gozo está a desenvolver, dentro do Proxecto Home, o Programa "Acougo" dirixido a persoas diagnosticadas con Patoloxía Dual.

A "Patoloxía Dual" ou "Diagnóstico Dual" é a concorrencia nunha persoa dun trastorno por abuso de substancias psicoactivas e calquera outro trastorno psiquiátrico asociado, sendo os máis comúns a esquizofrenia, o trastorno límite de personalidade, o trastorno bipolar e o trastorno obsesivo compulsivo.

As persoas con este perfil presentan maior deterioro a todos os niveis polo que non responden a tratamentos convencionais o que fai imprescindible abordar esta problemática dun xeito integral, estruturado e prolongado no tempo.

O risco de exclusión social das persoas con Patoloxía Dual é moi elevado, particularmente, no referente á incorporación ao mundo laboral e na súa participación nun ocio saudable.

É fundamental a participación da familia ao longo de todo o proceso, facilitando a través do dito programa unha formación axeitada relacionada coa referida Patoloxía Dual, que garanta a súa comprensión e a execución do seu rol de xeito eficaz.

Así, o programa "Acougo" desenvólvese nun centro acondicionado para tal efecto, en réxime residencial maioritariamente, aínda que, dependendo da autonomía que manifesten algunha das persoas usuarias e da súa situación familiar, pódese optar polo réxime semirresidencial.

O dito programa é eminentemente de tipo psicosocial polo que a súa metodoloxía se basea nunha intervención personalizada e na implicación da persoa usuaria no seu propio tratamento, sendo as principais actividades que se desenvolven as seguintes:

- Entrevista individual coa persoa usuaria e/ou coa súa familia.
- Grupos de autoaxuda.
- Seminarios educativo-formativos.
- Seminarios informativos.
- Asemblea de usuarios.
- Habilidades sociais.
- Obradoiros ocupacionais.
- Actividades físico-deportivas.
- Grupos e seminarios familiares.



O programa sométese a diversos sistemas internos de seguimento e avaliación de resultados: Europasi, Sistema de xestión de calidade, cuestionarios de satisfacción de familias e usuarios, cuestionarios "ad hoc", Comisión de Avaliación.

SEXTO.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura, xa mencionadas no expoñendo terceiro, considera esencial establecer unha liña de colaboración a través da subscrición dun convenio coa Fundación Monte do Gozo, que leva aparelada a concesión directa dunha subvención pública nominativa destinada ao financiamento do programa "Acougo", para facer posible o desenvolvemento das referidas medidas e accións encamiñadas á inserción sociolaboral co obxecto de minguar, na medida do posible, as consecuencias sociais asociadas ao consumo de substancias adictivas, propiciando un apoio efectivo cara a integración social e laboral deste colectivo.

A subscrición deste convenio contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

A natureza do programa prestado pola fundación xustifica a concesión directa da axuda prevista neste convenio estando recollida nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, de acordo co establecido no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, ACORDAN subscribir o presente convenio de colaboración coa suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e contido*

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación Monte do Gozo para o financiamento a través da concesión directa dunha subvención pública destinada á realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á inserción sociolaboral de persoas con Patoloxía Dual, a través do Programa "Acougo" da fundación.

A colaboración centrarase no sostemento dos servizos e accións que se desenvolven no programa e no dispositivo para persoas diagnosticadas con Patoloxía Dual que a Fundación Monte do Gozo posúe en Galicia, na cidade de Vigo.



Esta fase desenvólvese, preferentemente, en réxime residencial, aínda que é posible que determinadas persoas, segundo a súa evolución, sexan tratadas en réxime ambulatorio ou semirresidencial, tendo por obxecto a integración harmónica e satisfactoria no ámbito familiar, social e laboral das persoas a tratamento neste programa.

Para estes efectos, establécese o financiamento para o ano en curso do 100% do custo correspondente a 9 prazas no Programa "Acougo", a razón de 1.424,50 € mensuais, en calquera dos servizos que integran o programa "Acougo" obxecto de subvención a través deste convenio, que poderá incluír alternativas residenciais, obradoiros ocupacionais encamiñados á mellora das habilidades e destrezas e actividades enfocadas á consecución da inserción sociolaboral das persoas usuarias do programa.

SEGUNDA. Obrigas da entidade como beneficiaria da subvención

A Fundación Monte do Gozo asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura do presente convenio:

- a) Realizar as accións derivadas do programa a subvencionar a través do convenio.
- b) Acreditar a realización das actuacións do programa a subvencionar así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula cuarta deste convenio.
- c) Cumprir os requisitos e non se atopar incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do programa a subvencionar obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, incluíndo o resultado da auditoría económica realizada pola entidade, requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través dos seus órganos competentes en materia de inclusión social e de inspección de servizos sociais, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede da Fundación Monte do Gozo está situada en



Santiago de Compostela, na Rúa do Cottolengo núm. 2, e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a este enderezo para acadar maior operatividade.

- g) Informar a Consellería de Política Social e Igualdade do funcionamento do programa "Acougo".
- h) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lenda alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.
- j) Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións do programa a subvencionar obxecto deste convenio. En particular, a Fundación Monte do Gozo comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- k) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- l) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

TERCEIRA. Orzamento

A concesión da subvención establecida neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, na aplicación 38.03.312A.481.1, código de proxecto 2015 00475, polo importe global de CENTO CINCUENTA E TRES MIL OITOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS (153.846,00€), sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

CUARTA. Gastos subvencionables

A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se



realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación.

Poderán financiarse con cargo a este convenio os seguintes gastos:

- a) Gastos do persoal necesario para a execución das actividades. Serán imputables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social e IRPF así como as axudas de custo.
- b) Gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade como: subministración de auga e saneamento, gas, carburante, luz, telefonía, mantemento e reparación de vehículos, formación e outros de similar natureza.
- c) Gastos de auditoría necesarios para a xustificación das actuacións do programa a subvencionar a través do convenio.

Todos estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución das actuacións financiadas a través do convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.

QUINTA. Forma de xustificación e pagamento

1. Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
2. O pagamento final efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento do programa a subvencionar a través deste convenio, cuxo contido se detalla na cláusula sexta.

Dada a natureza dos gastos que son subvencionables segundo a cláusula cuarta, a entidade beneficiaria poderá solicitar pagamentos a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, na medida en que xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67



do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

3. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 16 de decembro de 2024, agás que se trate de gastos de 2024 correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos da acción liquidables con posterioridade a dita data de xustificación; neste caso, o prazo de xustificación poderá comprender ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.
4. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.

SEXTA. Documentación para xustificar as axudas

1. Para xustificar o pagamento final presentárase unha conta xustificativa que incorpore:
 - a) Unha memoria de resultados da actuación subvencionada.
 - b) Certificacións que acrediten o cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade autónoma de Galicia, e das obrigas coa Seguridade Social.
 - c) Unha relación codificada das persoas usuarias do programa, na que se indicará a fase e o centro nos que se atopan.
 - d) Unha memoria económica abreviada que constará da seguinte documentación:
 - Unha relación clasificada dos gastos do persoal adscrito á execución da actuación subvencionada, na que se indique: identificación da persoa traballadora, categoría laboral, mes, nómina neta, IRPF, cotas da Seguridade Social da persoa traballadora e da entidade empregadora, nómina bruta e a porcentaxe desta que se imputa á subvención.
 - Unha relación clasificada dos restantes gastos correntes da actuación subvencionada, na que se identifiquen: persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe imputado, data de emisión e data de pagamento.
 - e) Un informe dunha persoa auditora sometida á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas e inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, conforme ao artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Acompañará á conta xustificativa de gasto unha certificación emitida por ese rexistro para a comprobación da inscrición.



No caso de que a Fundación Monte do Gozo estivera obrigada a auditar as súas contas anuais por persoa auditora sometida á Lei de auditoría de contas, a revisión da conta xustificativa poderá ser efectuada pola persoa auditora contratada para ese labor ou por outra distinta, de conformidade có artigo 50.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e polo disposto neste convenio.

A verificación que figure no informe de auditoría terá en todo caso, o seguinte alcance:

- O cumprimento por parte da Fundación Monte do Gozo das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que rexe a xestión e a aplicación da subvención para a realización das actividades que conforman o proxecto obxecto deste convenio.
- A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.
- A realidade e a regularidade das operacións que foron financiadas coa subvención.
- O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

O informe de auditoría de contas permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso, deberá comprobarse:

- 1.º Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa que asuma a dita competencia, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.
- 2.º Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos xustificativos do gasto realizado. Se existiren desviacións a respecto do orzamento desagregado de gastos previstos achegado pola entidade beneficiaria ao inicio da tramitación do convenio, deberase engadir a explicación de cada unha delas.
- 3.º Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actuacións subvencionadas.
- 4.º Se existiren outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento das actuacións subvencionadas, deberase indicar o seu importe e a súa



procedencia. Ademais, farase mención expresa ao custo total repercutido das mesmas para a entidade, e certificarase que non existe sobre financiamento da actuación subvencionada de conformidade coa cláusula sétima.

- 5.º Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso, no informe deberá confirmarse:
- Que os gastos realizados e imputados ás actuacións obxecto de subvención gardan unha relación directa con elas, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.
 - Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.
- 6.º Que a Fundación Monte do Gozo utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.
- 7.º Que a Fundación Monte do Gozo dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección da entidade provedora, naqueles casos en que non recaera na proposta económica máis vantaxosa.
- 8.º Que a persoa que exerza a auditoría se pronunciará sobre a elixibilidade do IVE imputado ao programa e que non é susceptible de recuperación ou compensación.
- 9.º Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actuación subvencionada.
2. Para xustificar os libramentos parciais presentárase unha conta xustificativa que incorpore a mesma documentación que a conta xustificativa do pagamento final coa excepción da memoria de resultados da actuación subvencionada e da parte do informe de auditoría que fai referencia a outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento da actuación subvencionada.

SÉTIMA. Obtención doutras axudas



1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas nas cláusulas do mesmo.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total das actuacións a subvencionar a través deste convenio.

OITAVA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Fundación Monte do Gozo, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de Inclusión Social.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita ao órgano de dirección competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actuacións que formen parte do programa a subvencionar, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.



DÉCIMA. *Duración*

A vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2024.

Non obstante, financiaranse os gastos para as actividades do programa “Acougo” que cumpran as condicións indicadas na cláusula cuarta deste convenio, realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Causas de resolución e reintegro*

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
 - b) O acordo unánime das partes asinantes.
 - c) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do programa ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
 - d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
 - e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
 - f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
 - g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.
2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



DÉCIMO SEGUNDA. *Carácter administrativo do convenio*

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no non previsto por estas, aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. *Cuestións litixiosas*

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA. *Transparencia e publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os



registros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Como beneficiaria dunha subvención nominativa ao abeiro deste convenio, a Fundación Monte do Gozo obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

DÉCIMO QUINTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27



de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade
Fabiola García Martínez

O director-xerente da Fundación Monte
do Gozo
Ramón Gómez Crespo

